

NOVAS CONDICIÓNS PARA OS MOVEMENTOS DE GANDO VACÚN OVINO E CABRÚN DEBIDO AO INICIO DA VACINACIÓN DA LINGUA AZUL EN GALIZA

1/ DENDE O DIA DE PUBLICACIÓN DA ORDE MINISTERIAL

(PREVISIBLEMENTE DENDE O DÍA 1 DE SETEMBRO)

1.1) TRANSPORTE CON DESTINO A ESTADOS MEMBROS DA UE

Para sacrificio:

1. Deberán solicitar o certificado sanitario para transporte con 48hs de anticipación.
2. Os vehículos deben ser desinsectados
3. Os animais tratados cun desinsectante ou repelente.

Para vida:

1. O vehículo debe ser desinsectado.
2. Os animais deben ser tratados cun desinsectante ou repelente
3. Os animais a trasladar deben ter probas de Lingua Azul con resultados negativos.
4. Con destino a Portugal debe solicitar o certificado con 48 h. de anticipación. Os animais de máis de cinco meses só poderán trasladarse se están vacinados.

1.2) TRANSPORTE CON DESTINO A CALQUERA PARTE DE ESPAÑA

Para vida e para sacrificio:

Ata o día 1 de outubro, continuarán a realizarse coas mesmas condicións que ata agora

1.3) TRANSPORTE CON DESTINO A CALQUERA COMARCA GALEGA

Para vida e para sacrificio:

Continuarán a realizarse coas mesmas condicións que ata agora.

2/ DENDE O DÍA 1 DE OUTUBRO

2.1) TRANSPORTE CON DESTINO A CALQUERA COMARCA GALEGA

Para vida e para sacrificio:

Continuarán a realizarse coas mesmas condicións que ata agora.

2.2) TRANSPORTE CON DESTINO A ASTURIAS; CANTABRIA; PAÍS VASCO; NAVARRA; A RIOXA; ARAGÓN; CATALUÑA; LEÓN; PALENCIA e BURGOS:

Para vida e para sacrificio:

Continuará a facerse nas mesmas condicións que até agora, agás que a Guía deberá solicitarse 48 h. antes da data prevista de transporte, pois é preceptiva a comunicación anticipada a destino. Esta anticipación non é necesaria se a saída se produce dende a feira.

2.3) TRANSPORTE CON DESTINO A COMUNIDADES E PROVINCIAS ESPAÑOLAS DIFERENTES DAS INDICADAS NO APARTADO ANTERIOR

Para vida e para sacrificio:

1. Debe solicitar a guía con 48 horas de antelación, excepto se os animais se trasladan dende unha feira.
2. O vehículo debe ser desinsectado.

Ademais para vida:

1. Os animais deben ser tratados cun desinfectante ou repelente
2. Os animais a trasladar deben ter probas de Lingua Azul con resultados negativos..

MODIFICACIÓN DESTAS CONDICIÓNS

O AVANCE DA ENFERMIDADE EN ASTURIAS FAI PREVISIBLE A DECLARACIÓN DE NOVOS FOCOS PRÓXIMOS Á PROVINCIA DE LUGO. DE CONFIRMARSE, ESTAS CIRCUNSTANCIAS OBRIGARÍAN A MODIFICAR AS CONDICIÓNS PARA O TRANSPORTE DENDE ESTA PROVINCIA OU COMARCAS AFECTADAS.

NESAS CONDICIÓNS AS SAÍDAS DE ANIMAIS DENDE A PROVINCIA DE LUGO OU DAS COMARCAS AFECTADAS DEBERÁN CUMPLIR AS CONDICIÓNS CONTEMPLADAS NO APARTADO 2.3 SI SON TRANSPORTADOS CON DESTINO A TERRITORIOS NON AFECTADOS POLA ENFERMIDADE.

TRANSPORTE DE ANIMAIS VACINADOS

Os animais vacinados poderán ser transportados libremente (nas mesmas condicións que deben cumprir ata agora) para calquera destino logo de que transcorresen 70 días tras a aplicación da segunda dose de vacina.

NOVOS SERVIZOS OFERTADOS POLA CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL

- SERVIZO DE DESINSECTACIÓN DE ANIMAIS NAS PRINCIPAIS FEIRAS
- SERVIZO DE DESINSECTACIÓN DE VEHÍCULOS NOS CENTROS DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN
- SERVIZO DE REALIZACIÓN DE PROBAS ANALÍTICAS DE LINGUA AZUL
- SERVIZO DE RECOLLIDA DE MOSTRAS NAS EXPLOTACIÓNS PARA ANÁLISE

OUTRAS INFORMACIÓNS DE INTERÉSE

A partir do día 1 de setembro veterinarios da empresa pública TRAGSEGA visitarán as explotacións para realizar a vacinación dos animais ruminantes de máis de tres meses. A vacinación é obrigatoria e gratuíta.

A normativa vixente en relación coa Lingua Azul, obriga a que os animais que vaian ser transportados a determinados destinos, teñen que estar en posesión de resultados analíticos que demostren que non son portadores do virus da enfermidade.

As analíticas deberán efectuarse sobre mostras de sangue extraídas despois de que os animais estivesen protexidos do ataque dos mosquitos transmisores da enfermidade durante un período mínimo de 14 días.

Excepcionalmente, no caso de becerros mamóns que pretendan transportarse a territorio español ou portugués no que sexa preciso aportar proba negativa fronte a Lingua Azul, a proba poderá realizarse sobre sangue extraído antes de transcorridos os 14 días indicados no apartado anterior sempre que os animais foran protexidos fronte ao ataque dos mosquitos dende o seu nacemento. Recoméndase para iso tratar estes animais no día de nacemento con desinsectante ou repelente de longa duración.

A mostra de sangue para proba de PCR, poderá ser tomada por veterinarios libres, veterinarios de ADSGs, ou por veterinarios dos Servizos Agropecuarios de SEAGA (empresa pública dependente da Consellería do Medio Rural)

Para solicitar a actuación dos veterinarios de SEAGA o gandeiro debe chamar ao Centro de Información do Agro Galego CIAG 902 112 000.

As mostras tomadas polos veterinarios libres o veterinarios de ADSGs deben ser entregadas ou ben no propio Laboratorio de Sanidade e Producción Animal de Galiza (LASAPAGA), ou ben na Oficina Agraria Comarcal designada en cada área veterinaria. As mostras irán en todo caso acompañadas da documentación preceptiva.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

DIRÍXASE Á SUA OFICINA AGRARIA COMARCAL

OU CHAME AO CENTRO DE INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO (CIAG)

902 112 000

A VACINACIÓN É O MELLOR MODO DE CONTER O AVANCE DA ENFERMIDADE, PARA COMPLETAR A PROTECCIÓN DE TODO CENSO GANDEIRO GALEGO NO MENOR TEMPO POSIBLE RESULTA FUNDAMENTAL A COLABORACIÓN DOS GANDEIROS NA REALIZACIÓN DA CAMPAÑA DE VACINACIÓN, NO MANEXO E NA SUXEIÇÃO DOS ANIMAIS, ESPECIALMENTE DOS DE CEBO.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



medio rural